



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA E AS ASOCIACIÓNS DE AUTÓNOMOS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE ASESORAMENTO TÉCNICO, INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE AS MEDIDAS PREVENTIVAS FRONTE Á COVID-19

En Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

### REUNIDOS

Por unha banda, **Dona María Jesús Lorenzana Somoza**, Conselleira de Emprego e Igualdade e presidenta do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), que de acordo co artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, ten a competencia para a sinatura deste convenio,

e doutra parte, **Don José Ramón Caldas Martínez**, con DNI 76793408L, presidente da Asociación intersectorial e interterritorial de los autónomos y pequeñas empresas de Galicia (APE-Galicia), **Don Rafael Granados Guillén**, con DNI 32323695R, presidente da Asociación de Trabajadores Autónomos de la Comunidad Autónoma de Galicia (ATA Galicia) e **Don Eduardo Abad Sabarís**, con DNI 35459725G, presidente da Asociación Gallega de Trabajadores Autónomos y del Mar (AGTAMAR) que de acordo cos estatutos de cada entidade actúan no seu nome e representación,

### EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** Que a situación xerada pola pandemia por COVID-19 afectou dunha maneira importante ao colectivo do persoal traballador autónomo. Este colectivo está representado en Galicia a través de tres asociacións que fan chegar á Xunta de Galicia as súas demandas respecto á seguridade e saúde no traballo e, en concreto, á problemática da xestión da prevención do risco de transmisión por coronavirus na contorna laboral e, de xeito especial, nos centros e lugares nos que se desenvolve a súa actividade.

Por outra banda, e como consecuencia desta situación, xorden novas necesidades e demandas singulares relativas ás medidas de prevención e protección fronte á COVID-19, tales como a adopción de protocolos específicos, a avaliación de medidas preventivas, así como as posibles medidas para á adaptación dos centros de traballo, de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

Ademais, identificouse a necesidade de trasladar ao persoal traballador e á clientela a implantación destas medidas co obxectivo de garantir espazos e formas de traballar seguros que incentiven a recuperación da actividade económica e a mutua confianza.



**SEGUNDO.-** Que o ISSGA é un organismo autónomo de carácter técnico adscrito á Consellería de Emprego e Igualdade, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

Que en virtude do disposto na súa lei de creación 14/2007, do 30 de outubro, e nos seus estatutos aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, ten entre as súas funcións a promoción da prevención no emprego autónomo a través de actuacións de asesoramento técnico, información e formación e campañas de sensibilización.

As actuacións recollidas neste convenio realizaranse de xeito principal a través da unidade de referencia COVID-19 creada no ISSGA coma un instrumento para facilitar axuda e acompañamento ao tecido empresarial galego e para dar resposta áxil e eficaz ás súas demandas nesta materia.

**TERCEIRO.-** Que en Galicia o emprego autónomo está representado polas tres asociacións que asinan este convenio, que son APE-Galicia, ATA Galicia e AGTAMAR. Ditas entidades teñen coma principal misión a defensa dos intereses socioeconómicos e profesionais do colectivo de traballadores e traballadoras autónomos, para o que desenvolven actividades para a mellora das condicións de traballo e neste caso na promoción da prevención do risco fronte á transmisión do coronavirus.

**CUARTO.-** Que todas as partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento dunha liña conxunta de actuación e colaboración para o desenvolvemento de actividades de asesoramento técnico, información, formación e sensibilización en materia de prevención fronte ao coronavirus a través deste convenio.

Segundo o exposto, as partes acordan formalizar este convenio que se rexerá polas seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.

O obxecto deste convenio entre o ISSGA e as Asociacións APE-Galicia, ATA Galicia e AGTAMAR, é a colaboración e o desenvolvemento dun conxunto de actividades de asesoramento técnico, información e de sensibilización en relación ao risco de transmisión do coronavirus e as medidas a implantar a través das seguintes accións:

- Asesoramento técnico na revisión de protocolos específicos para minimizar o risco de contaxio nos centros de traballo.
- Asistencia técnica para implementar as medidas de prevención, organizativas, de hixiene, limpeza e protección nos lugares de traballo, de acordo coas indicacións das



autoridades sanitarias.

- Resposta ás consultas relativas que poidan xurdir no eido da saúde laboral, sen prexuízo da participación doutras unidades directivas.
- Asesoramento na implantación e uso de plataformas e ferramentas principalmente postas a disposición pola Xunta de Galicia orientadas a avaliar o nivel de preparación dos establecementos para afrontar a situación actual de pandemia.
- Desenvolvemento de accións de sensibilización coma campañas que promovan e difundan as recomendacións preventivas fronte á COVID-19 co obxectivo de garantir espazos seguros e formas de traballar adecuadas para a mellora da actividade económica e para xerar confianza mutua.

#### SEGUNDA.- Compromisos das partes.

O ISSGA comprométese a:

- Colaborar na elaboración e revisión de **documentación técnica** sobre recomendacións preventivas de saúde laboral ante o coronavirus para diversos sectores e actividades, así como a súa constante actualización en función da evolución da situación epidemiolóxica.
- **Prestar asesoramento técnico** ás asociacións, principalmente a través da **Unidade de referencia COVID-19**, que está integrada, entre outro, por persoal especialista en hixiene industrial e saúde no traballo, sen prexuízo dunha visión integral e un equipo multidisciplinar que acolla tamén as disciplinas de seguridade, ergonomía e psicosocioloxía aplicada. Con este asesoramento axudarase a identificar medidas e concretar o máis posible nas distintas actividades e en particular, na revisión de protocolos específicos e na adopción de medidas preventivas.
- Dar resposta as **consultas** que se formulen relativas á adaptación dos espazos de traballo, sinalización, selección e uso dos distintos tipos de máscara e equipos de protección, etc. e en xeral, aquelas que estean relacionadas coa adopción de medidas preventivas.
- Asesorar na implantación e na utilización de **plataformas e ferramentas** orientadas a **avaliar o nivel de preparación** dos establecementos para afrontar a situación actual de pandemia, como pode ser a Plataforma de Comercio Seguro de Galicia.
- Desenvolver **campañas** de sensibilización colaborando na divulgación e difusión, orientadas á informar sobre a adopción de medidas preventivas fronte ao coronavirus.

Todo o anterior sen prexuízo do asesoramento que lle corresponda ao servizo de prevención de riscos laborais de cada centro de traballo, de selo caso.

As asociacións APE-Galicia, ATA e AGTAMAR comprométense a:

- **Trasladarlle ao ISSGA** aquelas **solicitudes de asesoramento técnico**, que se consideren relevantes ou de especial interese para os colectivos que representan, relativas ás medidas fronte á COVID-19.
- Ser a canle de comunicación entre o ISSGA e os seus asociados naquelas peticións de **elaboración conxunta e revisión de documentación técnica** con recomendacións preventivas de saúde laboral ante o coronavirus para diversos sectores e actividades, así como das correspondentes versións actualizadas en función da evolución da situación epidemiolóxica.
- Achegar ao ISSGA as dúbidas relativas ao uso de **plataformas e ferramentas** orientadas a **avaliar o nivel de preparación** dos establecementos coa finalidade de garantir espazos e formas de traballar seguras e así afrontar a situación de pandemia. **Potenciar o uso destas plataformas e ferramentas** entre o persoal asociado ao que representan.
- **Fomentar a participación e o interese** dos seus asociados polas actividades que de forma conxunta se desenvolvan para un traballo seguro no marco deste convenio.

### TERCEIRA.- Comisión mixta de seguimento.

Constituirase unha comisión mixta para o seguimento e control de convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución.

- Polo ISSGA formarán parte da comisión tres persoas, que serán a titular da xerencia ou persoa na que delegue, e dous membros da Unidade de referencia COVID-19 designadas pola xerencia.
- Polas asociacións, cada presidente designará unha persoa para formar parte da comisión.

Serán funcións desta Comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas deste convenio.
- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado de cada unha das partes.
- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- En xeral, as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, lle atribúe o órgano de vixilancia e control.





#### **CUARTA.- Orzamento.**

A sinatura deste convenio non implica, por parte do ISSGA, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **QUINTA.- Relacións laborais.**

A formalización deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e o ISSGA.

#### **SEXTA.- Modificación, denuncia e resolución do Convenio.**

As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar este convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.

#### **SÉTIMA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos.**

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, pola lexislación en materia de contratos das administracións públicas, polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto polas normas de dereito privado.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en especial no que se refire a publicidade deste convenio.

De conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de Racionalización do sector público autonómico, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste convenio de colaboración, serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdiccional do contencioso- administrativo.

#### **OITAVA.- Protección de datos.**

As partes comprométese a cumprir co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, que supón a adaptación da normativa española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello,



do 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación.

**NOVENA.- Consentimento das partes en materia de protección de datos.**

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e mailo resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.




Así mesmo, as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

**DÉCIMA.- Vixencia.**

O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Non obstante, antes do remate do prazo previsto se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicional establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. A prórroga será preciso formalizala expresamente.

En proba de conformidade, este convenio asínase por cuadriplicado no lugar e data arriba indicados.

|                                                                                     |                                 |                                                                                     |                                                                                      |                                                                                       |
|-------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
|   | A presidenta do ISSGA           | O presidente de APE-<br>Galicia                                                     | O presidente de ATA<br>Galicia                                                       | O presidente de<br>AGTAMAR                                                            |
|  | María Jesús Lorenzana<br>Somoza |  |  |  |
|                                                                                     |                                 | José Ramón Caldas<br>Martínez                                                       | Rafael Granados<br>Guillén                                                           | Eduardo Abad Sabarís                                                                  |